

## Calendario escolar para o curso 2025/2026

### Datas a ter en conta

Inicio de curso	8 setembro para todas as ensinanzas. Nas de réxime especial poderá flexibilizarse até o 15 de setembro
Remate do curso	19 de xuño para todas as ensinanzas, agás para os segundos cursos dos ciclos de FP que será o 15 de xuño
Nadal	Do 22 de decembro ao 7 de xaneiro, ambos incluídos
Entroido	16, 17 e 18 de febreiro
Semana Santa	Do 30 de marzo ao 6 de abril, ambos incluídos
Día do ensino	31 de outubro
Día non lectivo	5 de decembro
Entrega das programacións	Antes de finais de setembro a inspección
Avaliación inicial	Até o 17 de outubro
Avaliación final 1º BAC e 1º FP Básica	A partir do 8 de xuño
Avaliación final extraordinaria 1º BAC e 1º FP Básica	A partir do 19 de xuño
Avaliación final 2º BAC	A partir do 12 de maio
Avaliación final extraordinaria 2º BAC	A partir do 10 de xuño
Avaliación final EI, EP, ESO, 1º FP grao medio e grao superior	A partir do 19 de xuño
Avaliación final 2º FP Básica, grao medio e grao superior	15 e 16 de xuño
Avaliación final grao elemental e profesional de música e danza	A partir do 3 de xuño
Avaliación final 6º grao profesional	A partir do 11 de maio

A CIG-Ensino propón que a data de comezo de curso sexa o 10 de setembro para as ensinanzas obrigatorias e permitir a flexibilización do inicio nas restantes ensinanzas

### Non debemos ter máis de 175 días lectivos

Para o sindicato os 175 días lectivos que fixa a LOMLOE debe ser o tope, e non manter os 176 que a Consellería leva impoñendo os últimos anos, polo que a proposta que manifestou na mesa é a seguinte:

- Nas ensinanzas obrigatorias comezar as clases o día 10 de setembro e retirar o día non lectivo

que a Consellaría marcou para o 5 de decembro.

- Nas ensinanzas non obrigatorias flexibilizar o comezo do curso podendo facelo, como moi tarde, o 15 de setembro.

Se o reparto de módulos e grupos non se fai, como así debería ser, até o 1 de setembro, que é cando todo o profesorado tanto definitivo como provisional está no centro, son precisos máis de cinco días para preparar o comezo das clases. Os equipos directivos precisan tempo para elaborar horarios ou estipular desdobres. No caso de FP ademais xúntase a avaliación de dual de setembro cos procesos de busca de empresas, de montaxe de aulas técnicas....

[A Consellaría négase a variar a súa proposta de días chegando a dicir que 5 días son suficientes para planificar o curso, que moitas cousas se poden \*deixar feitas\* en xullo.](#)

### **Flexibilidade na entrega das programacións**

O curso pasado pedimos flexibilización na entrega das programacións xa que se indicaba que tiña que facerse antes do comezo do curso, o que era un auténtico despropósito. Neste borrador a única data que se presenta é a de finais de setembro para que os equipos directivos as remitan ás inspeccións.

Entendemos que o profesorado terá tamén, cando menos, esa marxe para a súa elaboración, tendo en conta que debe ser sempre un documento flexible e que poida sufrir cambios durante todo o curso. [A administración di que esa flexibilidade vai existir.](#)

Por outro lado non se recolle que as programacións se teñan que facer mediante PROENS nin pola aplicación informática de FP. Queremos que se nos aclare se iso vai permitir liberdade para entregala por outros medios ou formatos ou simplemente vai ser unha

aclaración que se dará nas instrucións de comezo de curso. [A administración di que non cita a non ten máis importancia, que a aplicación está consolidada e vai seguir.](#)

### **Avaliación diagnóstica**

O calendario deste curso indicaba que a avaliación de diagnóstica tiña que realizarse entre o 1 e o 11 de abril, e finalmente non foi así, senón que se fixeron o 28, 29 e 30 de abril, que ademais por mor do apagamento se completaron en moitos casos o 5 de maio. Neste borrador preséntanse de novo unhas datas, aínda que neste caso distintas para primaria (do 13 ao 17 de abril) de secundaria (do 20 ao 24 de abril). Segundo nos traslada o profesorado tras a experiencia deste curso, as datas de secundaria son moi tarde, xa que son datas nas que principalmente quen imparte 2º de bacharelato está con moito traballo e xúntanse as correccións destas cos exames finais, polo que pedimos que se adianten cando menos as probas de secundaria. [Van ver de adiantar as avaliacións diagnósticas de secundaria.](#)

### **Período de adaptación de infantil**

Un ano máis reiteramos que o período de adaptación non pode ser de só cinco días. A orde que desenvolve o Decreto polo que se establece o currículo de infantil concreta que dita adaptación non pode superar o mes de setembro, pero é que no caso deste ano nin sequera chega á metade do mes, ao indicar non máis aló do 12. A incorporación gradual do alumnado aos centros educativos é unha necesidade do alumnado na educación infantil e reduci-lo ou ampliá-lo debe corresponderlle, en función do propio alumnado, ás mestras e aos mestres.

[A administración négase a ampliar o prazo do período de infantil, que neste momento non o ve necesario.](#)

## **Xornada reducida en xuño e setembro**

O horario reducido de 4 horas nos meses de xuño e setembro, eliminado por un acordo dos demais sindicatos coa Consellaría no curso 2008/2009, segue prohibido un curso máis, sumando máis horas lectivas na xornada anual. A CIG-ensino mantén en solitario, desde a parte sindical, a recuperación daquela xornada reducida. Demandamos ademais que naqueles centros onde se pasa de xornada reducida a mixta se manteña o horario reducido, xa que sabemos que a Consellaría aproveita este cambio para quitala.

## **Cambios de horarios**

Os cambios de horario do profesorado unha vez comezado o curso deben estar motivados e recollidos nas ordes respectivas de horarios docentes e non debería aparecer na orde de calendario. Ademais as funcións e tarefas que se poden desenvolver polos cambios deben coñecerse e non depender da decisión da dirección tal e como aparece neste borrador. Non se poden permitir os abusos que se están a cometer nestes últimos anos ao repartirse os módulos de profesorado que está de IT, de permiso ou de licenza entre o profesorado que queda con horas libres por ter alumnado na empresa. Este reparto faise única e exclusivamente para non contratar profesorado que substitúa a quen está de baixa ou permiso. Temos constancia que desde algunha xefatura de inspección non se permitiu facer isto, pero tamén nos consta que outras inspeccións deron o visto bo. [A administración di que o profesorado que libera horario non pode asumir a docencia de cursos de profesorado de IT ou con permisos.](#)

## **Commemoración do 10 de marzo**

Solicitamos que se recoñeza no marco educativo os sucesos históricos ao redor do ano 1972. Os

centros escolares deben ser un elemento central no recoñecemento da nosa memoria, lembrando a loita contra a represión franquista e a loita polos dereitos da clase traballadora galega. Ante o negacionismo da ultradereita e a pasividade da dereita, resulta máis urxente ca nunca lembrar as datas clave que nos permiten comprender o pasado recente e a construción da sociedade galega de hoxe. Compre reivindicar a memoria, a conciencia social e o simbolismo que representa o 10 de marzo.

## **Commemoración da diversidade afectivo-sexual**

Seguimos exixindo que as conmemoracións vinculadas coa visibilidade e integración da diversidade afectivo-sexual contén cunha data ou semana concreta, xa que de non facelo é unha maneira de invisibilizalas dentro do calendario escolar.

[A administración di que a listaxe parece un catálogo, que cada centro ten a súa autonomía para conmemorar os días que entenda, e que están valorando eliminar o “catálogo de propostas”.](#)

## **Transporte escolar**

Como todos os cursos, os centros que combinen o servizo de transporte con outros centros terán que resignarse a que sexan as empresas do transporte as que condicionen os horarios de comezo e fin do horario lectivo, sen ter en conta por criterios pedagóxicos. O resultado é desprazamentos excesivamente longos e horarios totalmente disparatados só por conveniencia das empresas adxudicatarias do transporte escolar.

## **Conservatorios**

[A administración recolle a nosa petición de que o alumnado de 2º de bacharelato poida ser avaliado nunha data adaptada ao seu caso.](#)

# CALENDARIO ESCOLAR 2025-2026

2025

	Inicio das clases en todas as etapas educativas
	Data límite inicio clases ensinanzas de réxime especial
	Fin actividades lectivas en EI, EP, EE, ESO, BAC, 1º curso FP, Réx.Esp.
	Fin das actividades lectivas no 2º curso FP
	Días non lectivos (en vermello, os feriados oficiais)

DÍAS LECTIVOS TOTAIS: 178 (a falta de descontar 2 feriados locais)

Día do ensino: 31 de outubro

Distribución días lectivos: 1º trimestre: 72. 2º trimestre: 53. 3º trimestre: 53

17 días lectivos

setembro 2025						
L	M	M	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					

22 días lectivos

outubro 2025						
L	M	M	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

20 días lectivos

novembro 2025						
L	M	M	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30

13 días lectivos

decembro 2025						
L	M	M	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

17 días lectivos

xaneiro 2026						
L	M	M	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

17 días lectivos

febreiro 2026						
L	M	M	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	

19 días lectivos

marzo 2026						
L	M	M	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

2026

18 días lectivos

abril 2026						
L	M	M	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

20 días lectivos

maio 2026						
L	M	M	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

15 días lectivos

xuño 2026						
L	M	M	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					

## OS NOSOS LOCAIS

**SANTIAGO** (Local Nacional)  
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10  
15706 Santiago de Compostela  
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839  
santiago@cig-ensino.gal

**MORRAZO**  
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1  
36947 Cangas  
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987  
morrazo@cig-ensino.gal

**OURENSE**  
Parque de San Lázaro 12, 4º  
32003 Ourense  
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855  
ourense@cig-ensino.gal

**VAL DE MONTERREI**  
Rúa Pedro González 5, 1º  
32600 Verín  
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013  
verin@cig-ensino.gal

**A CORUÑA**  
Rúa Alfonso Molina s/n  
15007 A Coruña  
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735  
acorunha@cig-ensino.gal

**FERROL**  
Rúa Eduardo Pondal 41-43  
15403 Ferrol  
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760  
ferrol@cig-ensino.gal

**PONTEVEDRA**  
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda  
36002 Pontevedra  
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050  
pontevedra@cig-ensino.gal

**VIGO**  
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo  
36205 Vigo  
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844  
vigo@cig-ensino.gal

**BAIXO MIÑO**  
Praza da Guía 3, Baixo  
36780 A Guarda  
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465  
baixomiño@cig-ensino.gal

**LUGO**  
Ronda da Muralla 58, 2º Andar  
27003 Lugo  
☎ 982 245 023 / Fax 982 253 891  
lugo@cig-ensino.gal

**A MARIÑA**  
Avenida de Galicia 20, 1º  
27700 Ribadeo  
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593  
amarinha@cig-ensino.gal

**SALNÉS**  
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600 Vilagarcía  
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323  
salnes@cig-ensino.gal